

O CONCELLO DE SANXENXO ANIMA Á VECIÑANZA Á DOAR SANGUE ESTE VERÁN

O alcalde de Sanxenxo, Telmo Martín González, visitou este mércores 12 de agosto a unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) que estivo coa campaña “Un alento de vida” no municipio pontevedrés. O edil estivo acompañado polo responsable do área de sangue, compoñentes sanguíneos e hemoderivados da Axencia, Dr. Gerardo Hermida Fernández, e ambos coincidiron en salientar a importancia de doar sangue durante o período estival xa que, todos os días do ano, os hospitais galegos precisan ao redor de 400 doazóns de sangue para desenvolver axeitadamente o seu labor asistencial.